DOCENCIA NO SERVIZO DE APARATO DIXESTIVO



O Servizo de Aparato Dixestivo é un centro de excelencia docente internacional na especialidade. O Servizo ofrece e realiza actividades docentes nas etapas de pregrado, posgrao, especializada e super-especializada.

DOCENCIA DE PREGRADO

- Formación teórica (clases teóricas) da materia de Aparato Dixestivo correspondente ao cuarto curso do Grao de Medicina da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.
- Programa de prácticas e titorías de alumnos de terceiro, cuarto e sexto curso do Grao de Medicina da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.
- Dirección e titoría de traballos de fin de grao (TFG) de alumnos de sexto curso do Grao de Medicina da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

DOCENCIA DE POSGRAO E FORMACIÓN ESPECIALIZADA

- Dirección de teses doutorais correspondentes aos estudos de terceiro ciclo da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.
- Formación especializada de Médicos Internos Residentes da especialidade de Aparato Dixestivo. O Servizo está acreditado para a formación de dous médicos residentes anuais.
- Formación especializada en áreas específicas da especialidade (enfermidades do páncreas, ecoendoscopia, CPRE e endoscopia avanzada, enfermidade inflamatoria intestinal, enfermidades hepáticas) de Médicos Internos Residentes da especialidade de Aparato Dixestivo procedentes doutros centros sanitarios de España.

FORMACIÓN SUPER-ESPECIALIZADA

- O Servizo de Aparato Dixestivo deseñou e desenvolveu o International Center for Education and Development in Gastroenterology (ICEDIG) xestionado pola Fundación Ramón Domínguez do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. A través de ICEDIG o Servizo de Aparato Dixestivo ofrece distintos programas de formación super-especializada para médicos especialistas de todo o mundo. Entre estes programas atópanse:
  - Programas Masterclass en Enfermidades do Páncreas e Insuficiencia Pancreática Exocrina.
  - Programas Masterclass en Enfermidade Inflamatoria Intestinal.
  - Programas Masterclass en Ecografía Endoscópica
  - Programas de estadías prolongadas ou fellowship para formación super-especializada en:
    - Ecografía endoscópica
    - Colangiopancreatografía retrógrada endoscópica
    - Endoscopia dixestiva avanzada
    - Enfermidades do Páncreas
    - Enfermidade Inflamatoria Intestinal

Máis información sobre estes programas está dispoñible na web www.icedig.info.

Investigadores/as
Persoal de xestión e servizos
Persoal licenciado sanitario
Persoal sanitario diplomado ou técnico

Limpar

Ordenar
Sen agrupar 6
Buscar nesta sección...
Servizo de Aparato Dixestivo
Páxina 1 de 1 1
Elementos por páxina 10

Clasificación

Categorías:

- Público, Cidadanía, Profesionais
- Temas, Oferta asistencial, Servizos sanitarios, Información sobre saúde, Enfermidades do sistema dixestivo, Formación e Docencia